

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 4 de abril de 2024, adoptou os seguintes acordos:

PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

5. Asuntos económicos e contratación

5.1. Designación dos membros da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia

Conforme o disposto no artigo 24 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG núm. 87, do 7 de maio de 2018), a Mesa de Contratación da Administración do Parlamento estará constituída por unha presidenta ou un presidente —que será un membro da Mesa do Parlamento— unha secretaria ou un secretario —que será a secretaria ou o secretario da Mesa do Parlamento— e catro vogais, designados polo órgano de contratación. Entre os vogais deberá figurar necesariamente unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas funcións correspondentes a asesoramento xurídico e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-orzamentario.

En consecuencia, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º) Designar membros da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia nos termos que se indican a continuación.

2º) Comunicarlles este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

3º) Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da Cámara.

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 25 de marzo de 2024, polo que se designan os membros da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia

O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (DOG n.º 87, do 7 de maio de 2018) establece no seu artigo 24 a composición da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia nos termos seguintes:

Artigo 24. Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación da Administración do Parlamento estará constituída por unha presidenta ou un presidente —que será un membro da Mesa do Parlamento—, unha secretaria ou un secretario —que será a secretaria ou o secretario da Mesa do Parlamento— e catro vogais, designados polo órgano de contratación. Entre os vogais deberá figurar necesariamente unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas funcións correspondentes a asesoramento xurídico e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-orzamentario.

En consecuencia, ao abeiro do disposto nos artigos 3 e 24 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, adóptase o seguinte acordo:



1º) Designar como presidenta da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia a vicepresidenta 1ª da Mesa da Cámara, dona María Elena Candia López.

2º) Designar como secretaria da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia a secretaria da Mesa da Cámara, dona Ethel María Vázquez Mourelle,

3º) Designar como membros titulares da Mesa de Contratación da Administración do Parlamento de Galicia, na súa condición de vogais, ás seguintes persoas:

Vogal 1: A vicepresidenta 2ª da Mesa da Cámara, dona María Montserrat Prado Cores, ou a vicesecretaria da Mesa da Cámara, dona Patricia Iglesias Rey, que se alternarán nos distintos procedementos.

Vogal 2: A letrada do Parlamento de Galicia, dona María Aneiros González.

Vogal 3: A Interventora do Parlamento de Galicia, dona Carolina Costoya Pardo.

Vogal 4: O xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior, don Javier Freire González.

4º) Para o suposto de ausencia dos membros titulares, as súas suplencias realizaranse do xeito seguinte:

a) A presidenta, dona María Elena Candia López, será suplida pola vogal membro da Mesa do Parlamento que non forme parte da Mesa de contratación dese procedemento concreto.

b) A secretaria, dona Ethel María Vázquez Mourelle, será suplida polo vogal, don Javier Freire González, xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior ou o funcionario técnico de xestión do Servizo de Persoal e Réxime Interior, don David González Alonso.

c) A letrada, dona María Aneiros González, será suplida polo letrado e as letradas seguintes: don Juan Carlos Caride Puente, dona Purificación López Gómez ou dona Raquel Rodríguez Carro.

d) A interventora, dona Carolina Costoya Pardo, será suplida pola viceinterventora dona Carmen Fernández Dasilva.

e) O vogal don Javier Freire González será suplido polo funcionario técnico de xestión do Servizo de Persoal e Réxime Interior, don David González Alonso.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

María Elena
Candia López,
Vicepresidenta 1ª

Firmado digitalmente por María Elena
Candia López, Vicepresidenta 1ª
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=María Elena Candia López,
Vicepresidenta 1ª,
email=elena.candia.lopez@parlamentod
egalicia.es
Fecha: 2024.04.05 14:47:19 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª na data 05/04/2024 14:47:19

